

FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:		Data:		Nivel:	CELGA 2
-----------------	--	-------	--	--------	----------------

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:					
DNI / NIE / Pasaporte:		Nacionalidade:			
Data de nacemento:	___ / ___ / _____		Sexo:	home ☐	muller ☐
Lugar de nacemento:	☐ Galicia ☐ Outras rexións de España ☐ Europa ☐ América ☐ África ☐ Asia ☐ Oceanía				
Lugar de residencia:	☐ Cidade ☐ Vila ☐ Aldea				
Tipo de estudos cursados:	☐ Universitarios ☐ Secundarios ☐ Primarios ☐ Sen estudos				

Estes datos serán totalmente confidenciais. Empregaranse só para efectuar a análise psicométrica das probas de avaliación.

INSTRUCCIÓNS PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Lean detidamente as instrucións do exame antes de comezar a responder.
- Empreguen bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Adecúense á tarefa que se lles pide.
- Axústense ao número de palabras que se lles pide. Valorarase negativamente que non cheguen a ese número de palabras ou que se excedan demasiado.
- Non se lles proporcionará outro caderno de exame.
- Deben empregar as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non utilicen o seu nome real no texto da proba nin marquen o exame con ningún sinal (por exemplo, non usen típex).
- Terán que entregar os borradores ao final da proba. Estes borradores destruíranse e en ningún caso se valorarán.
- Non adecuarse a estas normas pode supor a anulación do exame ou obter unha cualificación negativa nalgún dos parámetros de avaliación.

Celga

Certificado
Lingua
Galega

2

Proba A1

Vostede pertence á Asociación Ecoloxista Garabullo. Logo de ver esta reportaxe e de comentala co resto dos membros da asociación, decide escribirlle unha carta á responsable de comercio do seu concello para lle propoñer levar a cabo unha iniciativa semellante á de Ordes. Na **carta**, de **200 palabras**, vostede debe:

- Saudala e presentarse.
- Indicarlle cales son os problemas das bolsas de plástico.
- Explicarlle en que consiste a campaña das bolsas biodegradables e as súas vantaxes.
- Pedirlle a súa colaboración para levar a cabo unha actividade semellante entre o Concello e a Asociación Ecoloxista Garabullo.

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

Proba A2

Vostede recibiu esta mensaxe dun amigo. Léaa con atención.

De:	neltorres@correo.com
Para:	devagar@correo.com
Asunto:	Mercar mascota
Ola: Que tal estás? Hai días que non falamos e pensaba chamarte, pero como agora seguramente xa estás a durmir, escriboche estas liñas para consultarche unha cousiña. Sabela, a miña filla, fai seis anos o próximo sábado. Estou pensando en regalarlle unha mascota porque lle encantan os animais, pero aínda non sei cal. Temos un piso bastante amplo e creo que non haberá problemas de espazo. A ti gústanche tamén os animais, non? Poderíasme axudar a escollerlle un á nena? Dime logo que che parece a idea, vale? Unha aperta, Nel	

Agora, baseándose na información do texto *Todo o que implica ter unha mascota*, respóndalle ao seu amigo. Na **mensaxe**, de **200 palabras**, vostede deberá:

- Responderlle o saúdo e contestarlle as preguntas que lle fai.
- Suxerirlle a mascota que considera máis axeitada para a rapaza e xustificalo.
- Dicirlle polo menos tres cousas que debe ter en conta antes de adquirir o animal.
- Marcar un encontro para falar do tema.

Todo o que implica ter unha mascota

Os animais domésticos fannos moita compañía, son fieis e devólvennos todo o cariño que lles damos. Ademais, coidalos é unha terapia: fainos sentir máis útiles e responsables e auméntanos a autoestima. Pero telos é unha decisión moi persoal, xa que non son ningún capricho. Deseguida listamos o que debes ter en conta antes de levar calquera mascota ao teu fogar.

Queres un compromiso duradeiro?

Se asumes coidar dun animal, debes lembrar que é unha responsabilidade moi grande e que pode durar moito tempo. Así varía o tempo medio de vida dalgúns deles: cans e gatos, de 10 a 18 anos; coellos, 8; hámsteres, de 2 a 3; peixes, de 3 a 10 anos; tartarugas de tanques, ata 30 anos; canarios, sobre 15 anos.

Tes tempo para dedicarlle?

Igual ca calquera neno, un animal require unha serie de coidados: hai que bañalo, darlle de comer, sacalo a pasear, xogar con el... Ademais, non debe estar soíño na casa durante moitas horas seguidas, polo que sempre precisarás de alguén que o coide cando viaxes nas vacacións.

De que idade o queres?

Os cachorros son moi xogadores e alegres, polo que atraen moi facilmente os nenos, pero tamén necesitan máis coidado e atención porque tardan máis en aprender. Os adultos xa se adestran máis facilmente, son máis tranquilos e fieis aos seus donos.

Contas cun espazo suficiente e adecuado?

Para exercitarse e desenvolverse correctamente, todo animal necesita un espazo debidamente coidado e en boas condicións de hixiene. Ten en conta que ver uns bonitos peixiños ou unha tartaruga nun acuario ou nun tanque, de onde nunca saen, non é o mesmo ca estar cruzándose cun can ou cun gato por todas as partes da casa. Por outra banda, mascotas coma paxaros, coellos e hámsteres, por exemplo, non ocupan moito espazo porque se crían en gaiolas.

Canto podes ou queres gastar?

Tamén debes saber que unha mascota é como unha persoa máis na casa. Polo tanto, serán imprescindibles os gastos que inclúen unha alimentación axeitada, as vacinas periódicas, os artigos de limpeza e hixiene, o veterinario e os seus xoguetes.

Aos demais membros da familia gústanlles os animais?

É moi importante que todos estean de acordo coa chegada dunha mascota, porque entre todos teredes que compartir o tempo e as tarefas que supoñen o seu mantemento. Asegúrate tamén de que ningún membro da familia é alérxico a animais ou que non está prevista a chegada dun bebé, xa que estas son algunhas das causas dos frecuentes abandonos de mascotas.

Se podes contestar positivamente a todas estas preguntas e che gustan os animais, parabéns. Estás preparado para converterte en propietario dunha preciosa mascota. Por certo, sabías que en vez de mercala, podes tamén adoptala nun albergue de animais?

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2